



Isto tamén é memoria histórica

Por Xaquín Campo Freire.

Narón, 20-05-2007

Estase a reconstruír ‘a memoria histórica’, para recuperala e facer, polo menos, xustiza moral.

As atrocidades do bando republicano de seguida saíron á luz e están na memoria de todos ata o día de hoxe: *‘Queimaron templos, mataron cregos, etc. Horror!’*

Os nomes do bando ‘nacional’ estiveron anos e anos nas igrexas de cada localidade: *‘Caídos por Díos y por España. !PRESENTES!’*

A Igrexa ‘oficial’ española subíu axiña ao carro dos vencedores e meteu a Franco baixo o palio da ‘santa cruzada’. Esa foi, en xeral, a actitude do alto clero.

Pero non sería de xustiza meter no mesmo saco a moitos que, sen seren relevantes para nada, cando viron o outro horror, *o dos vencedores*, puxeron o seu esforzo e arriscaron canto puideron a prol do sentido común. Tamén deses temos de recuperar a memoria. Grazas a eses ‘anónimos’, moitos puideron fuxir, outros estiveron agochados, algúns salvaron a vida e deuse o caso do que, por salvar aos demais ou por saír na súa defensa, aínda ben deles pagaron coa propia vida. Porque, *neste lado de aquí*, tamén os nacionais deixaron detrás de si horror abondo! **E tamén son nosos.**

Agora a Igrexa anda a beatificar a centos de españois que pagaron coa vida por seren relixiosos. Todos vítimas *‘dos do outro lado’*: “Mártires por la fe”. Está ben. **Eles son nosos.** E son vítimas. **Nada**

que obxectar aos que morreron. Pero non así aos que os utilizan actualmente.¹

Porque, se non é moita a pregunta, os que dan a vida, en calquera lado do mundo, *por salvar a outros*, non son tamén mártires pola caridade? Incluso se foron vitimados ‘polos bos’, polos do bando nacional? E a caridade, ata dar a vida polos irmáns, é unha virtude inferior á fe? O mandamento máximo é: Amádevos! Ao final só ficará o amor.

Hai unha tremenda inxustiza que se lle está a facer a moitos ‘anónimos’, mellor, ‘anonimados’. Vexamos casos concretos. Algunha das moitas vítimas do tenente Torres, da benemérita, en Xuvia:

1ª.- Atou unha señora a un piñeiro e houbo que cortarlle unha perna da malleira que lle dou por non revelar onde andaba un pobre escapado daquel barco de Ferrol. Estaba ‘franco de ría’ e aconselláronlle agocharse, a ver como evolucionaban as cousas. Evolucionaron mal. Matáronos a todos. Este salvou a vida metido no cinceiro do forno da casa desa dona de Mandiá. Esta que foi? Roxa, colaboracionista, salvadora de vidas inocentes?

2ª.- A outra dona, en S. Román (Cedeira), chúzalle co sabre nun peito por non declarar onde andaba o seu home. Como se desangraba, rematouna dun tiro alí mesmo diante dos fillos. Esta non é mártir de Deus? Que é?

Sei tamén dun militar, designado para un piquete de fusilamento dos seus compañeiros, nun deses xuízos sumarísimos. Negouse, en conciencia, a obedecer esas ordes inxustas. Pasou de inmediato á fila dos executandos. Ese non foi mártir da conciencia moral cristiá? Non foi caído por Dios y por España?

1 A Conferencia Epsicopal Española tivo de saír a dar explicacións: “Publicación de un dossier informativo de la Conferencia Episcopal Española”.- MADRID, martes, 12 junio 2007 (ZENIT.org).- “Los 498 futuros beatos de la Iglesia católica no son «mártires de la guerra civil» española, sino «mártires de la persecución religiosa», puntualiza el reciente dossier informativo de la Oficina para las Causas de los Santos y de la Oficina de Información de la Conferencia Episcopal Española.”

Hai, percíbese, coma un ‘tufillo’ nesta nota: Excusatio non petita, acusatio manifesta.

“Se Bóveda morrese no bando sublevado, hoxe sería un santo, seguramente colocado nos altares. Claro que a sociedade civil galega non necesita santos de igrexa para proseguir a súa causa. Necesita exemplos humanos de valor permanente. Necesita guieiros. Necesita fachos iluminadores. Bóveda é un deles.”²

Quen foi Bóveda? Vale a pena reproducir o relato dunha testemuña directa.

“Fun o derradeiro en entrar na cela convertida en capela no vello cárcere de Pontevedra aquela noite. Nunha cadeira, sentado, o bo e santo franciscano P.Lois M. Fernández. Aos seus pés, de xoellos, Alexandre Bóveda confesábase. Confesámonos tamén Xosé María Álvarez Gallego, Xosé Álvarez Limeses i eu, que logo comungaríamos como o fixo Alexandre. Eu ao seu carón. Cando rematei de me confesar, Bóveda leía serenamente o Kempis. Logo a imposición do escapulario do Carme”.

-“Sestiño, ven rezar comigo en galego. Pregamos xuntos as oracións rituaes. Creo en Deus Pai Todopodeiroso... Deus che salve, Raíña e Nai.... Pai noso, que estás nos ceos... Ave María, ategada de gráceas.....”

-“ Deus cho pague Sestiño. Agora déixame meditar un pouco.”

“O fusilamento tivo lugar na mañá do dezasete; non embargantes a execución notificóuselle para o día quince. Pro, ¿cómo se ía matar a ninguén nun día de festa tan grande e tan santo como o día quince de agosto, un día adicado á Virxe? Imposíbel; sería un pecado grandísimo. ¿I o dezaseis? ¡Ah! Sería outro pecado imperdoábel, porque o dezaseis caía en domingo.”

“Este era, e sigue sendo, o senso católico dos que axudaron a Franco na “Santa Cruzada”.³

Pregunto eu, este Bóveda, condenado nun xuízo cargado de aberracións procesais, que morreu coa fe nos labios e no corazón, que era católico de misa habitual indiscutíbel, por que non entra este agora nesa canonización de mártires da igrexa?

2 ABUÍN DE TEMBRAA., *Memorial de Mártires*, 15 de agosto de 2002. www.galespa.com.ar/memorial_de_martires.htm - 29k -

3 SESTO X. *Limiar*, en *Vida Paixón e morte de Alexandre Bóveda*, de Álvarez Gallego X., Edicións “NOS”, Buenos Aires 1972, pp. 17 e 18.

“Ben se sabe e comprende que numerosos mártires non morreron especificamente por Galicia. Morreron polo progreso e polo futuro. Morreron por profesar unha doutrina. Morreron por defender un ideal. Morreron por lles abrir un camiño de esperanza á súa xente. Morreron por ser fieis a uns principios e a un credo nos que confiaban. Morreron contra a opresión. Contra a escravitude, a submisión, a tiranía. Acasoneles atributos radique a transcendencia que nos debe atinxir a todos hoxe.”⁴

Houbo moito medo. Todo estaba prohibido. Por iso houbo moita clandestinidade. Nunha dictadura de terror coma aquela procurábase non documentar nada, nin cos máis íntimos. Falar custaba bágoas, pagábase coa vida de alguén. Pero doía tanto o corazón das cousas que se vían! Había que pórse ao lado dos perseguidos ou dos que tiñan fame, miseria ou enfermidade. E en todos os estamentos houbo persoas que arriscaron a vida por conciencia. E pagaron con golpes, coa propia vida e coa dor dos seus familiares.

Hoxe é de xustiza recoller o labor calado de tantas persoas boas que fixeron esforzos, absolutamente silenciosos, que viviron as obras de misericordia nunha solidariedade encomiable, na conspiración do silencio.

Cando a guerra, e mesmo na dictadura, os cregos foron un elemento utilizado polo réxime, porque, vinculados por obediencia e organicamente á alta xerarquía clerical. Sen máis, xa eran vinculados co sistema. Así tiveron moitas veces na súas mans capacidade para facer algo pola xente: Informar ben, dar a cara por eles, etc. Houbo cregos e leigos en número considerábel, dos que só se soubo en épocas tardías e en círculos pequenos, que gardaron aparencias de apoio ao sistema porque era a única maneira para poder manter a capacidade de salvar. Ás veces discutíuselles a rectitude de intención coa que estiveron presentes aquí ou alí. Se puideran falar! Que doado é latricar cando non hai perigo ou se está de espectador.

Non concibo a Xesús non recoñecendo a estes *comas benditos do seu Pai!* Ten Deus un catálogo diferente para estes?

4 Abuín de Tembra A., Memorial de Mártires, op.cit.-

Con isto non se xustifica o non xustificábel. Porque tamén é verdade que houbo exemplares ben perigosos, por certo, en todos os lados, que nadaron nos beneficios do sistema opresor. Pero non sería xusto metelos a todos ‘na memoria’ baixo o mesmo palio no que andou Franco.

Canta xente paisana, homes e mulleres, ou persoas con cargos, cegos, funcionarios, incluso militares, etc., fixeron desde a súa situación canto puideron por salvar xente. Lembremos a ‘*Lista de Schlinder*’ ou *A lingua das bolboretas*.⁵

Cómpre non dar ninguén a esquecemento e devolverlles memoria de honra. Os que fomos testemuñas temos de dar testemuño. Non son teorías. Trátase de persoas con nomes e apelidos e é así como as hai que recuperar. Son a nosa real e sagrada memoria.

Eu quero lembrar a tres, distintas e distantes, coas que tiven certa relación.

1º.- Don Xesús Veres Díaz.- Párroco de Santa Cruz de Parga e Roca. Home de peso, paisano galego. Home de Deus. Dotado de moito sentido común. Soubo estar sempre no seu sitio axeitado. Canto el axudou nas necesidades! Finou en 1958. Sóubose daquela canto lle debiamos todos: cartos, axudas, apoios, consellos, defensa, acompañamento na dor, nos infortunios, etc.

Na república, un día á noiteña, foi ‘sacado’. Os do rueiro decatáronse. Botáronse detrás para arrincalo das gadoupas daqueles tolos que o levaban para eliminalo. A presión dos veciños foi grande: “Se o matades a el moitos pasaremos fame. Matádenos a nós con el”. Foron capaces de salvalo. Isto conmoveu á xente. Era bo.

Cando a guerra, adicouse consciente e caladiñamente a salvar a outros, incluídos aqueles que o ían ‘pasear’. Diso nunca falou.

Tiña eu catorce anos. Pregunteille: -D. Xesús, lembra aquel papel que atopei un día nun libro da súa biblioteca, asinado por un colectivo: ‘EL TERROR’? Fálame do que tivo que sufrir, das ameazas de morte dos anónimos que recibiu esixíndolle máis de corenta mil pesetas, , etc. Como puido salvar á xente da morte?

5 RIVAS M., *A lingua das bolboretas*,

-Xaquín, cala. Aínda es moi novo. Hai realidades moi duras e non gosto de remexer nesas cousas. Cando sexas adulto, se vivo e as circunstancias son outras, ao mellor falamos. Nin el viviu, nin as circunstancias cambiaron. Foise coa súa verdade. Choramos abondo. Morreu un home bo, dicían. Canto nos valeu a nós, sendo pequerrechiños, cando morreu a miña nai! Era o noso cura!. Quixo ser soterrado na entrada do cemiterio. Así, ao pasar, pedíanos perdón. Perdón de que?, se foi un santo. Nunca pisamos aquela tumba. Aquilo foi unha beatificación.

2º.- Don Xosé Cazón Ferreiro. Párroco de San Martiño de Xuvia. Bo paisano, bo galego e por suposto bo crego e benquerido de todos. Cando a república, molestárono abondo. Un día, na Faísca, dous tivéronlle o paso para zouparlle. Repúxolles: “Non é de homes atacar a pares. Un a un. E sen sotana.” O primeiro en atacarlle foi o máis forte e máis alto. Levaba no peto a chave da igrexa, que daquela eran de dimensións considerábeis. Derrubouno á primeira e invitou ao seguinte á pelexa, pero este escapou. Foi moi celebrado o ánimo de D. Xosé. Pero, en diante, procuraban acompañalo os veciños, facéndose contradizos. Este feito sería un salvoconduto que lle ía valer na nova situación.

Despois do 18 de xullo do 36, houbo aquí un grupiño de ‘milicianos’ de triste memoria. Levaron moitos á morte. Fixo o indicíbel para salvar a tanta xente que foi molestada e ‘sacada’. Conseguiu moito. Pero non todo, nin sempre. Doíalle na alma. Un día chaman á porta. Eran xente armada, da guerrilla, ‘dos escapados’. Traían maniatados dous daqueles temidos milicianos, pobres homes por outra parte. A conversa con el foi así:

-“ Temos pouco tempo. En xuízo contra estes dous saíulles pena capital. Causa: a xente que eles levaron á morte, como vostede sabe. É inapelábel. Toda intercesión é inútil. Que confesen, se queren, pois serán executados de inmediato aí no cemiterio do Convento. Decidiuse que vostede fose testemuña, para que ninguén pene por estes. A vostede ninguén o vai culpar.”

De nada valeron súplicas, choros ou razoamentos. A xente ficou horrorizada e con moito temor. Aínda así houbo represalias abondo. Pediulle ao bispo de Palencia, Souto Vizoso, nativo desta parroquia, que

o acollese naquela diocese.. Non podía seguir con aquela imaxe a cotío diante de si. A xente chorou a súa partida. Finou no 1966. Tocoume recoller esta memoria. Era veneración. Velaí outra beatificación.

D. Felipe, o de Neda, e o crego de San Xiao de Narón, tamén agocharon xente na casa e logo, cando puideron, facilitaron a fuxida deses perseguidos.

Moitos paisanos, homes e mulleres de por aquí, arriscaron a vida axudando solidariamente na fame e na miseria ás familias dos represaliados. Destes ninguén fala polo nome. E non deberan ficar anónimos. Estes tamén merecen beatificacións.

3º.- D. Xosé María Balseiro Quirós. Crego listo e ben formado. Xa daquela, licenciado en teoloxía. Deixou un libríño escrito. De mente aberta e moi metido en cuestións sociais, segundo a *Rerum Novarum e Quadragessimo anno*.

Aínda hoxe din: “Na parroquia só ‘lle’ mataron a un, porque el estaba fóra. Salvou a ‘tal familia’ que o insultou moito, que eran moi revirados con todos. Eran algo tolos. Non eran ben. Pero non eran malos.”

Coñecen todos canto se opuxo ao cura de S. Mateu, fanático e perturbado mental, que construíu as famosas estatuas de Franco e, á fronte, a do Corazón de Xesús que darían orixe a tantas desgrazas. Era tanta a fame que algúns ían ás leiras subascar ás patacas. Iso molestaba moito, pois arruinaban a colleita que aínda se estaba formando. Unha noite, nunca se soubo quen, colgaron na de Franco: “O LADRÓN DAS PATACAS”. Houbo torturas arreo en todas as casas da parroquia. E tamén houbo mortes.

D. Xosé xa non podía facer máis por impedir as falcatuadas daquel pobre compañeiro tolo, que tanta dor produciu. Comentan que non podendo convencelo con razóns dos erros dos seus fanatismos e, coa indignación, zoscoulle. Tanto era o perigo! E prohibiulle nunca máis pisar MANDIÁ. Finou no 1957. Moito choran este bo home e bo crego. Del só falan beatitudes.

D. Juan, de Valón e Doniños. A sotana, a remendos, servíalle para agochar canto ía deixando ás caladas, a súa propia roupa, e

outras axudas a todos os necesitados. Ten sona de santo. Morreu practicamente de frío e necesidade polo absoluto desprendemento e pobreza na que vivía.

E arrededor destes houbo grupos da xente paisana que tamén vivía e practicaba a bondade, a xustiza, a solidariedade, o amor. Pero foron perseguidos. A moitos elimináronlles fillos, maridos, pais, avós, veciños, etc.

Estes non son mártires? Non chegan estes tamén da gran tribulación e non lavaron as súas túnicas no sangue do Cordeiro? Vinde benditos do meu Pai, porque tiven fame, e sede, e estiven preso, etc. E cando foi iso? Vexamos:

Elvira, ama de casa, ou nai de familia, ou muller maltratada, ou avoa xa sen dentiños, ou solteira que ficou soa, tal vez fillada, que lle morreu o mozo na fronte, ou sen familia e que está con demencia nun rocho de aldea, ou nun quinto sen ascensor, ou chea de chagas nun leito, e sen ter a quen contarlle todo canto pasou na súa vida. Nin lle prestamos atención, porque *'sempre nos di a mesma historia pasada'*. Malpocadiña!

Agostiño de Agramonte. Pobre como as arañas, que nunca che foi ben a vida. Pilláronte nunha 'fronte' que nada tiña que ver contigo, que te obrigaron a tirar tiros porque, disque, 'a causa' así o requería e nin sabes se mataches a algúen,. Cantas veces che escoitei os salaios do teu remorso despois de vir da guerra. Da guerra 'deles', na que che romperon a vida, o amor, a familia e que nunca soubeches para que valeu. E, para máis complicación, estabades nas segas en Castela. Ao teu fillo colleuno perto, pero do outro lado. E ao teu irmán tamén. Alá morreron. 'Non sería eu mesmo, dicías, quen os matou?' Cantas veces, chorando, preguntabas iso!

Como de vós aprendín, eu hoxe descúbrome e rezo convosco: Noso Pai que estás no ceu,..., **perdoa as nosas ofensas** e non nos deixes caer **outra vez nesa tentación e líbranos do maligno**. Santa María da Paz, axúdanos a sermos dos pacificadores. Amén.

Que queredes que vos diga? Eu a estes téñolles fe e moita devoción. Estes están no misal no primeiro de novembro: Festa de Todos os Santos.

Castelao, vendo o litoral español, desde o paquebote “CAMPANA”, camiño do exilio para Arxentina, escribiu así:

“A miña saudade aínda quixo visitar devotamente os moitos cemiterios de Galicia onde dormen os derradeiros mártires da Liberdade, en número incontable. A miña imaxinación viu unha fogueira en cada cemiterio, como outros tantos clamores de xustiza. Pero no de Pontevedra viu unha labarada que chegaba ata o ceo. Era o lume do espírito de Bóveda, que non figura na Santa Compañía dos inmortais, porque non pertence á Historia senón á Tradición, en aroma de lenda. Bóveda terá de ser nun mañá próximo ou lonxano, a bandeira da nosa Redención”.⁶

Cada recuncho da nosa Galiza ‘non debe dar a esquecemento’ aos silenciosos e silenciados. Cantos gardades memoria, antes que sexa tarde, escribide. Son a nosa sagrada memoria. Temos dereito a ela.

⁶ R. CASTELAO A., *Sempre en Galiza, Libro Cuarto*, E. Galiza, Centro Gallego de Buenos Aires, Instituto Argentino de Cultura Gallega 1974, 4^a, p. 431.